


## ANUNCIO

### **Asunto: Aprobación definitiva de desafectación de camiño público.**

Sometido o expediente de desafectación a información pública e non formulándose alegacións, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 29 de febreiro de 2020, adoptou o acordo que se reproduce a continuación, corrixido por acordo plenario do 26 de febreiro de 2020.

**“Primeiro.-** Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 162 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 162 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m<sup>2</sup>, segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimoni

**Segundo.-** Recepcionar o camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmovible desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.



**Terceiro.**- *Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmoble propiedade de D. Julio Rodríguez Bustelo, que será tramitado polo órgano competente.*

**Cuarto.**- *Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

**Quinto.**- *Facultar ao alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado”.*

A recepción formal do camiño público desafectado tivo lugar o 4 de marzo de 2020.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Teo, 4 de marzo de 2020

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira